



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Dona Lucía López López, Secretaria - Interventora accidental do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo),

CERTIFICA:

Que en data 22 de febreiro de 2018 a Xunta de Goberno Local da corporación adoptou o seguinte acordo que copiado literalmente di:

“PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CARÁCTER ABERTO PARA O POSTO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social do concello de Pedrafita do Cebreiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, e en votación ordinaria,

A C O R D O U:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a elaboración dunha bolsa de emprego de carácter aberto o posto de auxiliar de axuda no fogar co seguinte contido:

“BASES DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CARÁCTER ABERTO PARA O POSTO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases é rexer a elaboración dunha bolsa de emprego aberta de auxiliares de axuda no fogar para a contratación de auxiliares de axuda no fogar , por esgotamento das bolsas existentes, para cubrir as vacantes en postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar e que se produzan con motivo de:

Contratacións temporais, interinos, ausencias, disfrute de licenzas, vacacións, I.L.T., necesidades de servizo, ou calquera outra circunstancia similar.

Estas bases terán a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízos de posteriores modificacións derivadas da normativa estatal ou autonómica ou se acorde a supresión das mesmas por éste órgano.

O proceso selectivo para a contratación será o concurso, conforme ao disposto no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. (TEEBEP)

II. NORMATIVA APLICABLE.

- No non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TEEBEP. Así

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TEEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común
- Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Acordo do 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia de 27 de novembro de 2008.
- Demais disposicións aplicables.

III. MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de duración determinada na modalidade do mesmo mais axeitada ao caso concreto: realización de obras ou servizos determinados, interinidade (para cubrir provisoriamente as vacantes ou ausencias que se poidan producir como baixas, vacacións,...) ou eventual por circunstancias de produción.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial segundo se determine no contrato e atendendo ás necesidades do servizo que motiven a contratación.

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitido neste proceso, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás



Concello de Pedrafita do Cebreiro

que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír carné de conducir B e dispoñibilidade de vehículo.

f) Estar en posesión da formación esixida según o Acordo do 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia de 27 de novembro de 2008. Sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, modificado polo Acordo do 7 de outubro de 2015, as persoas que non estén en posesión da formación necesaria, comprometerase mediante declaración responsable, a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral, ou realizar a formación vinculada ós correspondentes certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional ata o 31 de decembro de 2022.

g) De conformidade co establecido no artigo 38.3 da Lei 13/82, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos, serán admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións cos outros aspirantes. A tal efecto, o tribunal adoptará, de ser preciso, as disposicións oportunas en orde á máxima garantía de igualdade de oportunidades na realización das probas. As condicións persoais de aptitude para o exercicio das funcións correspondentes acreditaranse no seu caso mediante ditame vinculante expedido polo equipo multiprofesional competente, que deberá ser emitido con anterioridade á iniciación das probas selectivas.

V. ANUNCIO DE CONVOCATORIA E PUBLICIDADE.

Unha vez aprobadas estas Bases anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

VI. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais, o enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Rematado éste prazo, as persoas que desexen formar parte desta bolsa, poderán inscribirse durante a vixencia da mesma coas observacións establecidas na base XI.

3.-Xunto á instancia achegarase copia cotexada do seguintes documentos:

- DNI.
- Permiso de conducir e declaración responsable de dispoñibilidade de vehículo.
- Título da formación esixida según o Acordo do 19 de outubro de 2017, polo que

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

se modifica parcialmente o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia de 27 de novembro de 2008. Sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, modificado polo Acordo do 7 de outubro de 2015, as persoas que non estén en posesión da formación necesaria, comprometerase mediante declaración responsable, a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral, ou realizar a formación vinculada ós correspondentes certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional ata o 31 de decembro de 2022.

- Certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes.
- Contratos de traballo ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron e a vida laboral.
- Libro de familia.
- Certificado de discapacidade do fillo menor de idade a cargo.
- Certificado emitido polo servizo público de emprego de esgotamentos das prestacións económicas ou subsidios por desemprego.
- Informe social dos servizos sociais (Persoas integrantes en colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social)
- Informe de vida laboral, aquelas persoas menores de 30 anos, sen experiencia profesional ou demandante do primeiro emprego.

4.- As instancias, xunto coa documentación indicada, presentaranse no Rexistro Xeral desta Corporación ou na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, neste último caso, deberase adiantar por fax ó 982367150 ou ó email concello@concellopedrafita.es

VII. ADMISIÓN DE INSTANCIAS.

1.- Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución que conterá:

- a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- a data, hora e lugar en que se valorarán os méritos alegados polos candidatos e se realizará a entrevista.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- Concederase un prazo de 3 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para a subsanación de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán o rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

3.- No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

4.- Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

VIII. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante dúas probas:

Valoración de méritos alegados polos interesados.

1.-Valorarase a **experiencia profesional** segundo os seguintes criterios ata un máximo de **10 puntos**

Por desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, como funcionario ou laboral 1 punto por cada ano traballado ata un máximo de 6 puntos.

Por desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, en Entidades Privadas 1 punto por cada ano traballado ata un máximo de 4 puntos.

(Acreditarase mediante copias cotexadas dos contratos de traballo ou certificacións de servizos prestados expedidas polas entidades nas que se prestaron ,e a vida laboral)

2.- **Cursos** relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados ata un máximo de **1 punto**.

A puntuación correspondente por cada hora de formación equivale a 0.05 puntos.
(Se acreditarán mediante copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes)

3.-**Cargas Familiares** ata un máximo de **1 punto**.

Por 1 fillo a cargo, menor de 18 anos 0.30 puntos

Por 2 fillos a cargo, menor de 18 anos 0.50 puntos

Por 3 ou máis fillos a cargo, menor de 18 anos 0.70 puntos

En caso de que algún fillo ostente unha discapacidade igual ou superior ao 33%, a puntuación arriba indicada incrementarase un 0.30 puntos.

(Acreditarase mediante copia cotexada do libro de familia e copia cotexada do certificado de discapacidade do fillo menor de idade a cargo)

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

4.-Persoas desempregadas **maior de 45 anos 0.25 puntos.**

(Acreditarase mediante certificado emitido polo servizo público de emprego)

5.- Persoas **desempregadas que esgotaran as prestacións económicas ou subsidios por desemprego 0.25 puntos**

(Requisito que deberá ser acreditado cun certificado emitido polo servizo público de emprego)

6.-Integrantes de colectivos **desfavorecidos ou en risco de exclusión social 0,25 punto.**

(Requisito que deberá ser acreditado cun informe social dos servizos sociais do Concello no que estea empadroad)

7.-**Menores de 30 anos**, demandantes de **primeiro emprego ou sen experiencia profesional 0.25 puntos**

(Requisito acreditado co informe de vida laboral)

Entrevista persoal

Consistirá na contestación a preguntas formuladas polos membros do tribunal para afondar sobre cuestións laborais en función do posto de emprego que se convoque e coa finalidade de avaliar a aptitude e a actitude do candidato.

Non se formularán preguntas relacionadas con aspectos persoais.

A realización da entrevista será obrigatoria e a falta de asistencia polo candidato producirá a exclusión do procedemento de selección.

Esta proba valorarase ata un máximo **de 2 puntos.**

A cualificación final virá determinada polas sumas das puntuacións obtidas no concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados polo órgano de selección.

IX. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por **3 membros**, designados mediante Decreto de Alcaldía.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

X. RESOLUCIÓN DO CONCURSO.

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso, cunha puntuación máxima de **15 puntos**.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación no punto 1 de experiencia laboral e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da formación das bases de emprego.

XI. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DAS INSCRIPCIÓNS FEITAS UNHA VEZ REMATADO O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS INICIAL E DURANTE A VIXENCIA DA BOLSA DE EMPREGO

Os candidatos que se inscriban durante a vixencia da bolsa, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias inicial, rexeranse polo seguinte contido:

1.- As persoas que desexen tomar parte desta bolsa de emprego, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais , o enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- Xunto á instancia achegarase copia cotexada do seguintes documentos:

- DNI.
- Permiso de conducir e declaración responsable de dispoñibilidade de vehículo.
- Título da formación esixida según o Acordo do 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia de 27 de novembro de 2008. Sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, modificado polo Acordo do 7 de outubro de 2015, as persoas que non estén en posesión da formación necesaria, comprometerase mediante declaración responsable, a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral, ou realizar a formación vinculada ós correspondentes certificados de



Concello de Pedrafita do Cebreiro

profesionalidade ou títulos de formación profesional ata o 31 de decembro de 2022.

3.- As instancias, xunto coa documentación indicada, presentaranse no Rexistro Xeral desta Corporación ou na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, neste último caso, deberase adiantar por fax ó 982367150 ou o mail concello@concellopedrafita.es

4.- Unha vez comprobado que se cumpren os requisitos esixidos para formar parte desta bolsa de emprego o candidato/a pasará a formar parte da bolsa a continuación dos candidatos que participaron no procedemento de selección inicial, por orde de data de inscrición, prevalencendo ter a formación esixida fronte ás persoas que teñan só a declaración xurada.

5.- As persoas que se inscriban acorde con esta fase do procedemento non se lles valorará mérito algún, sen prexuízo das posteriores convocatorias de actualización de méritos.

XII. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Cos candidatos formarase unha lista pola orde de puntuación total obtida neste proceso selectivo e rexerese polas seguintes normas de funcionamento:

1ª.- A comunicación da selección do candidato realizarase mediante correo certificado con acuse de recibo, por unha soa vez. O candidato deberá comunicar a aceptación ou o rechazo do posto seleccionado para a contratación por escrito no prazo máximo de 3 días hábiles dende a recepción da presente carta. Se o candidato rexeita a contratación ou non se comunica a debida resposta, o empregado público encargado da xestión da bolsa realizará unha dilixencia en tal sentido de renuncia do candidato. No suposto de que un candidato/a rexeite tres veces o posto ofertado sen causa xustificativa (Contrato de traballo, certificado médico, informe social...) quedará excluído automaticamente da presente bolsa de emprego .

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o empregado público que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

2ª.- O chamamento e a contratación efectuarase respectando o Acordo do 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia de 27 de novembro de 2008, de tal xeito que se priorizará o chamamento sobre as persoas que teñan as titulacións esixidas no Acordo fronte as persoas que carezan dela. Salvo que por imposibilidade derivada da normativa laboral, non poda formalizarse con ese aspirante o contrato laboral temporal

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

requirido.

3ª Unha vez finalizado o correspondente contrato laboral formalizado cun traballador integrante da bolsa, este se reincorporará á mesma, pasando a ocupar a mesma posición. Para o caso de que, chamado un integrante da bolsa para unha contratación temporal, renuncie á contratación proposta, non perderá por iso o seu dereito á pertenza á mesma, pero pasará a ocupar o último lugar dentro dela. Non obstante o anterior, non perderá a súa posición na bolsa se a renuncia está xustificada. No caso de que renuncia ata tres veces sen causa xustificada expulsarase da presente bolsa e das que rexen para a contratación da categoría de Auxiliar de Axuda a Domicilio.

3ª.- En ningún caso a mera pertenza á bolsa implicará dereito algún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que foran se respectará o procedemento de chamamento regulado nestas bases, podendo o Concello cando o considere conveniente, de forma xustificada, para cubrir certos postos vacantes ou contratos temporais convocar a propósito un proceso selectivo.

5º- No caso de que as persoas inscritas na bolsa de emprego que regula estas bases, non cubran os postos ofertados, farase oferta de emprego á oficina de emprego de becerreá , e publicarase a oferta no xornal de máxima difusión da provincia, de acordo coas presentes bases.

XIII. IMPUGNACIÓN.

A presente convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e formas previstas na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO PARA FORMAR PARTE DA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

D. /Dª. _____

Natural _____ de Provisto de DNI _____

Con domicilio a efectos de notificación en _____

_____ Teléfono _____

Expoño:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria da bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Documentación que se adxunta:

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

| | |
|--|---|
| | Copia cotexada do DNI. |
| | Copia cotexada do título da formación esixida según o Acordo do 19 de outubro de 2017 (Sinale cun aspa) Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería, ou os títulos equivalentes Técnico Auxiliar de Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría, e Técnico Auxiliar de Enfermería. Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia. Técnico Superior en Integración Social. Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria de persoas dependentes en institución sociais. Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a persoas no Domicilio. |
| | Declaración responsable, a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral, ou realizar a formación vinculada ós correspondentes certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional ata o 31 de decembro de 2022. |
| | Copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes |
| | Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron. |
| | Copia cotexada do permiso de condución e declaración responsable de dispoñibilidade de vehículo. |
| | Copia cotexada do libro de familia. |
| | Copia cotexada do certificado de discapacidade do fillo menor de idade a cargo |
| | Certificado emitido polo servizo de público de emprego de esgotamentos das prestacións económicas ou subsidios por desemprego. |
| | Informe social dos servizos sociais (Persoas integrantes en colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social) |
| | Informe de vida laboral, aquelas persoas menores de 30 anos, sen experiencia profesional ou demandante do primeiro emprego. |

En Pedrafita do Cebreiro, a

Asdo.:

Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro”

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

SEGUNDO: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Pedrafita do Cebreiro aos efectos do seu xeral coñecemento.”

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente certificado coa salvedade a que se refire o artigo 206 do ROF, en Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica a marxe.

O alcalde presidente

A secretaria interventora accidental

Asdo.: José Luís Raposo Magdalena

Asdo.: Lucía López López